

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL EN GALICIA

Celso Currás Fernández*

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

1. INTRODUCCIÓN

A orientación educativa e profesional constitúe un apoio especializado para o alumnado no seu paso polo sistema educativo, desde o seu ingreso na Educación Infantil. Na adolescencia o alumno enfróntase a unha toma de decisións que terá importantes repercusións na súa futura vida profesional. Así, mediante a elección de itinerarios formativos de carácter académico ou profesional, o alumno proxéctase cara á vida adulta: a formación profesional específica, a universidade, o mundo laboral, etc.

Para prestarlle apoio ó longo de todo o seu *curso* formativo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria crea os Servicios de Orientación Educativa e Profesional, coa finalidade de orienta-lo proceso de ensino-aprendizaxe, asesoralo sobre os itinerarios académico-profesionais más convenientes en cada caso; apoiar nos momentos de cambios persoais e de centro educativo ou etapa; deseñar

adaptacións do currículo ordinario cando o alumnado o precise, así como establecer canles de colaboración entre a escola e a empresa. Trátase, en definitiva, de ofrece-lo asesoramento e apoio necesarios para favorece-lo desenvolvemento integral dos alumnos.

En todo caso, a orientación educativa e a intervención psicopedagógica fundáméntanse en tres principios básicos:

- *De prevención*, entendida como a anticipación á aparición de desaxustes no proceso educativo, en especial nos momentos de cambio de ciclo ou etapa, ou ben de paso do sistema educativo ó mundo laboral.
- *De desenvolvimento*, como proceso continuo que pretende servir de axuda no crecemento integral das persoas.
- *De intervención social*, tendo en conta o contexto socioeducativo e laboral no que se desenvolve o alumnado e a propia actuación psicopedagógica.

* Doutor en Ciencias da Educación.

2. TENDENCIAS ACTUAIS NO CAMPO DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

Os sistemas educativos dos países desenvolvidos coinciden en destaca-la orientación educativa e profesional como un dos elementos clave no desenvolvimento do alumnado no ámbito persoal, educativo e sociolaboral. Así mese que a orientación é unha tarefa de todo o profesorado, que se desenvolve na súa interacción cotiá co alumnado, contando coa colaboración e asesoramento de servicios especializados, de carácter preferentemente interno ós propios centros. En consecuencia, as tendencias actuais no campo da orientación levan a potencia-la institucionalización destes servicios nos centros educativos.

A concepción actual da orientación educativa e profesional vén destrerar, en definitiva, a idea de que esta sexa un servicio exclusivo para suxeitos con dificultades persoais ou de aprendizaxe ou un mero servicio de información profesional. Hoxe en día asígnaselle á orientación unha función preferentemente preventiva, na que se teña en conta o contexto no que se desenvolve o alumno e transcendente o ámbito exclusivamente escolar.

En consonancia co exposto, a actual reforma educativa concibe a orientación como un factor importante que favorece a calidade do ensino e outorga ás Administracións educativas as competencias para garanti-la súa oferta e asegurar que a coordinación das actividades de orientación se leve a cabo por

profesionais coa debida formación. A orientación é, polo tanto, un proceso inherente á propia actividade docente, que abrangue a toda a comunidade educativa.


3. ESTRUCTURA ACTUAL DOS SERVICIOS DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL DE GALICIA

A análise das tendencias no campo da orientación e os roles asignados pola LOXSE ó sistema educativo e á orientación propriamente dita son factores que levaron á Consellería de Educación a optar por un modelo organizativo da orientación máis acorde con este contexto. Así, mediante o Decreto 120/1998, do 23 de abril, créanse os actuais Servicios de Orientación Educativa e Profesional. A súa implantación iniciouse no curso 1998/99 e remata no presente curso académico 2000/2001 e, en función da súa localización, podemos referirnos ós servicios centrais da propia Consellería de Educación, servicios internos e servicios externos ós centros educativos.

3.1. SERVICIOS INTERNOS

Os Departamentos de Orientación constitúen o espacio institucional desde o que articula-as funcións de orientación e titoría, que se deberán incardinhar dentro do Proxecto Educativo de Centro e dos Proxectos Curriculares de Etapa, para dárllle-la operatividade e funcionalidade propriamente educativas.

Desde os Departamentos de Orientación deseñanse accións dirixidas




a apoia-lo alumnado para que poida enfrenta-los momentos decisivos da súa vida escolar ou profesional, como son o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de materias optativas ou de itinerarios formativo-profesionais, a incorporación a un programa de diversificación curricular ou de garantía social, ou mesmo aspectos relacionados con resultados escolares insatisfactorios.

No presente curso escolar contan xa con Departamento de Orientación todos os centros de Educación Secundaria, tanto os institutos (IES) coma os Centros Públicos Integrados (CPI). O ámbito de actuación destes departamentos abrangue, ademais do propio centro, as escolas de Educación Infantil e os colexios de Educación Infantil e Primaria que anualmente lles adscriba a Consellería de Educación. Deste xeito, garántese que a orientación sexa un proceso continuado ó longo de toda

a escolaridade do alumno, e que se establezan as necesarias vías de coordinación entre os Colexios de Educación Infantil e Primaria e os centros de Secundaria nos que o alumnado vai proseguir a súa escolaridade.

O modelo organizativo da orientación educativa e profesional, polo que opta a nosa Administración autonómica, ofrece como principal novedade a creación de Departamentos de Orientación nos Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP). Nestes momentos existen Departamentos de Orientación nos colexios de doce ou máis unidades, así como en centros de menor número nos que, ben sexa pola dispersión xeográfica, ou polas características específicas da poboación que escolarizan, o fan aconsellable.

A continuación recóllese os datos relativos á implantación gradual dos Departamentos de Orientación ó longo dos tres últimos cursos escolares:



Para garantir que todos los centros públicos de Galicia dispongan de este servicio, cada curso académico la Administración educativa realiza la adscripción de los centros que no están dotados de Departamento de Orientación a los centros de la zona educativa a la que pertenecen.

Los jefes de los Departamentos de Orientación deben contemplar en su horario personal semanal la atención a los centros adscritos. La medida en la que aumenta la cobertura de Departamentos de Orientación disminuye el número de centros adscritos y, consecuentemente, la ratio de alumnos por cada orientador.

Para el diseño, desarrollo y evaluación formativa del plan anual de orientación es preceptiva una reunión semanal de todos los miembros del departamento destinados al centro. Así mismo, cada trimestre se reúnen todos los integrantes del Departamento de Orientación con el objeto de realizar el seguimiento del correspondiente plan, así como estudiar las posibles modificaciones que se consideren necesarias, de acuerdo con cada contexto.

Los Departamentos de Orientación deberán estar abiertos a las iniciativas de la comunidad educativa y a dar respuesta ajustada a las demandas psicopedagógicas y profesionales que se les formulen; canalizando, cuando sea necesario, aquellas intervenciones que requieran la colaboración de otros servicios o instituciones.

3.2. SERVICIOS EXTERNOS

3.2.1. Equipos de Orientación Específicos

Como apoyo externo especializado para los Departamentos de Orientación o para los centros docentes crean los Equipos de Orientación Específicos (EOE), compuestos por especialistas en las siguientes áreas:

- Orientación vocacional y profesional.
- Sobredotación intelectual.
- Discapacidades sensoriales.
- Discapacidades motrices.
- Trastornos de conducta.
- Trastornos generalizados del desarrollo.
- Dificultades de lenguaje y audición.
- Orientación socioeducativa y familiar.

Los Equipos de Orientación Específicos abarcan en su plan de actuación provincial las Escuelas de Educación Infantil, los Colegios de Educación Infantil y Primaria, los Colegios de Educación Primaria y los centros de Educación Secundaria. Igualmente, intervendrán en los Centros Específicos de Educación de Adultos y los Centros de Educación Especial dependientes de la Administración educativa.

Las funciones de estos equipos están, fundamentalmente, relacionadas con el asesoramiento y la ayuda a los orientadores, profesores de apoyo y alumnado con

30 Celso Currás Fernández

necesidades educativas especiais, sen excluí-la súa intervención directa, cando sexa necesaria, co resto da comunidade educativa.

As principais tarefas destes equipos son:

- Colaborar nas actuacións preventivas e de atención temprá que lle faciliten ó alumnado o desenvolvemento evolutivo.
- Apoia-los Departamentos de Orientación mediante a elaboración de pautas de intervención, face-lo seguimento das accións iniciadas e calquera outra acción ou prestación de recursos que se precise.
- Desenvolver programas de investigación, elaboración, recompilación e

difusión de recursos, para darralles resposta ás necesidades específicas do alumnado.

- Colaborar cos Departamentos de Orientación na avaliación psicopedagóxica do alumnado.
- Contribuír á formación especializada dos membros dos Departamentos de Orientación e do profesorado, no ámbito das necesidades educativas especiais.
- Colaborar con outros servicios ou institucións que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social, da saúde, etc.
- Cooperar cos Departamentos de Orientación na realización de programas relacionados coa orientación



Unha das tarefas principais dos Equipos de Orientación Específicos é colaborar con outros servicios ou institucións.

profesional, a modificación de conducta, a saúde, etc., ou na realización de programas integrados.

- Colaborar en programas formativos de orientación educativa e socio-familiar, así como asesora-las familias e colaborar con elles na atención ós seus fillos.

A nivel provincial correspónelle á inspección educativa a coordinación destes equipos, coa finalidade de garantir a uniformidade das súas actuacións e dar cumprimento ó plan xeral elaborado con carácter anual.

3.2.2. Centros Específicos de Educación Especial como centros de recursos educativos

Os Centros Específicos de Educación Especial que autorice a Consellería de Educación poderán ofrecer recursos humanos e materiais para o apoio do alumnado, con necesidades educativas especiais, escolarizado en centros ordinarios. Este alumnado poderá ser atendido con carácter ambulatorio por diferentes especialistas dos Centros Específicos de Educación Especial. Igualmente, existe a posibilidade de escolarización combinada entre o centro específico e o centro ordinario.

A proposta do claustro de profesores e do consello escolar, o equipo directivo dos Centros de Educación Especial elaborará o plan anual de actuación, no que se incluirá a descripción dos recursos materiais e humanos disponibles e a programación da atención educativa externa.

3.2.3. Outros servicios


Os centros educativos contan tamén coa colaboración doutros servicios externos, que desenvolven funcións xerais de apoio para e mellora da calidade do sistema educativo. Se ben a actividade destes servicios non se centra exclusivamente no campo da orientación educativa e profesional, constitúen un apoio valioso para o desenvolvemento da acción titorial e orientadora dos centros. Neste sentido, ademais dos profesionais pertencentes a outras institucións e organismos, como son a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, o Servicio Galego de Colocación, os Concellos, etc., débense mencionar especialmente o Servicio de Inspección Educativa e os Centros de Formación e Recursos (CEFORE).

3.3. SERVICIOS CENTRAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional establece o marco común para o desenvolvemento das accións de orientación educativa e profesional, así como as actuacións prioritarias para cada curso escolar.

As funcións no ámbito da orientación que se realizan desde os servicios centrais son as seguintes:

- Redactar instruccións para unificar as actuacións dos diferentes plans de orientación, establecendo un marco común para a súa planificación, desenvolvemento e avaliación,



Fernando Blanco

- así como defini-los ámbitos de actuacions prioritarios.
- Elabora-las propostas da normativa que regule a Educación Especial, a acción titorial, a orientación escolar e profesional, e as adaptacions curriculares, para atende-la diversidade dos alumnos.
 - Impulsa-la realización de actividades de orientación profesional.
 - Fomenta-las relacions entre os responsables da formación, do emprego e da producción.

- Asesorar e apoia-los centros educativos nas súas relacions coas empresas e no proceso de realización de convenios entre o centro educativo e o centro de traballo.
- Potenciar accions que permitan interrelaciona-las funcións de información e orientación profesional nos tres subsistemas de formación (inicial ou regrada, ocupacional e continua).
- Ofrecer actividades de formación dirixidas ós servicios de orientación,



equipos directivos, profesorado de apoio ós alumnos con necesidades educativas especiais e demais profesorado.

4. ACTUALIZACIÓN DO PROFESORADO NO CAMPO DA ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

A actualización do profesorado que forma parte dos Servicios de Orientación Educativa e Profesional constitúe un factor esencial para mellora-la calidade dos citados servicios e, polo tanto, a calidade do ensino. En consecuencia, a Consellería de Educación, dentro dos plans anuais de formación do profesorado, ofrece actividades encamiñadas a mellora-las competencias profesionais no campo da orientación dos seguintes colectivos:

- Xefes dos Departamentos de Orientación e membros dos Equipos de Orientación Específicos.
- Profesores de formación e orientación laboral.
- Equipos directivos dos centros educativos.
- Profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Profesorado de centros específicos de Educación Especial.
- Profesorado titor e profesorado en xeral.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deseña unha ampla oferta de formación coa que pretende proporcionarlles ós colectivos sinalados estratexias de actuación para a realización das súas tarefas docentes e orientadoras.

